



Guerra ou paz?

Situación ou Contexto



FIGURA 1. Imaxe obtida do Instagram de acontravento

A creación do 'homeland' hebreo e o sometemento dun pobo

REDACCIÓN ESPECIAL / RIBADAVIA — Coas cinzas da II Guerra Mundial aínda quentes, as potencias aliadas buscaban unha solución para miles de persoas **hebreas** superviventes do **holocausto**. A idea de establecer un 'homeland' xestárase durante séculos no seo do **sionismo**, pero agora, tanto para acalar a vergoña da persecución á que foran sometidos os xudeus e as **xudías** polos nazis como para frear a súa diáspora provocada tamén polo secular **antisemitismo** europeo, collía forza nos foros internacionais esa idea da patria, para a que se barallaran distintos destinos en América do Sur, como a Güiana. Foi entón cando o '**Xenerálísimo**', ansioso por gañar lexitimidade ante os vencedores do conflito, fixo unha oferta que marcaría o destino de Galiza para sempre: ceder o territorio histórico do noroeste peninsular para tal fin.

A ironía histórica era profunda: ofrecíase unha terra da que hebreas e hebreos foran expulsados en 1492 e que aínda conservaba, en lugares como Ribadavia, testemuñas da súa presenza.

Baixo o pretexto de reparación histórica, iniciouse un proceso de reasentamento masivo. A partir de 1947, cunha ocupación militar conxunta franco-británica e co apoio explícito do réxime, comezaron a chegar a Galiza miles de persoas de toda Europa reclamando a súa condición hebreá ou xudía. O que se presentou como unha operación humanitaria derivou rapidamente nunha campaña de desalojo sistemático da poboación autóctona. Miles de familias galegas foron obrigadas a abandonar os seus fogares e terras mediante métodos de coacción violenta, sentando as bases dun conflito que perdura ata hoxe, 77 anos despois.

Desprazamento e subxugación lingüística

As consecuencias demográficas foron catastróficas. Estímase que a metade da poboación nativa se viu obrigada a emigrar, principalmente a Suíza e ás Américas, nun éxodo que recorda os peores capítulos da historia galega. Para quen permaneceron, reservouse unha cidadanía de segunda. Impúxose un “[aparteid](#)” cultural: prohibiuse o uso público do galego e estableceuse como lingua obrigatoria o [ladino](#), unha variante arcaica falada polos [sefardís](#), converténdoa no emblema da nova autoridade.

O territorio foi reorganizado a medida, pero os territorios iniciais non se respectaron tal e como podes ver no gráfico inicial do Instagram de acontravento. Nun primeiro momento, dividiuse en catro provincias, relegando a poboación galega maioritaria ás de Pontevedra e Lugo. Co tempo a autonomía galega viu reducido o seu territorio á contorna da Costa da Morte —baixo unha tensa administración conxunta hebraica- galega— e ao Baixo Miño, último reduto onde se apiñan preto de dous millóns de galegos e galegas.

Explotación económica e control de recursos

A transformación económica foi igualmente brutal. As árbores autóctonas que

durante séculos forneceron sustento e identidade —castiñeiros, carballos— foron arrasadas de forma sistemática. No seu lugar, implantáronse extensas plantacións de árbores de crecemento rápido, alterando para sempre a paisaxe e o ecosistema, para poder abastecer as grandes celulosas que instalaban de xeito estratéxico para que a polución se estendese polos asentamentos que resistían. O control da auga, recurso vital, foi igualmente arrebatado ás comunidades locais. Grandes encoros, construídos e xestionados por empresas foráneas, non serviron para regar as terras galegas, senón para abastecer as celulosas e xerar electricidade que era exportada sen que a poboación nativa obtivese beneficio.

A recadación de impostos foi xestionada polas autoridades hebreas dese novo estado, que destinaban unha parte do diñeiro á Autoridade Galega local unicamente para manter un fráxil equilibrio que garantise a orde e a paz social. En palabras de varios líderes galegos, tratábase dun “sistema de [vasalaxe](#) económica moderna”.

Reto

Unha vez lida e comprendida a SITUACIÓN ou CONTEXTO e unha vez realizadas as tarefas das distintas disciplinas, deberás resolver o RETO, que consistirá na redacción dunha **Carta pola Paz** dirixida á Presidenta da Comisión Europea Ursula von der Leyen, con copia a todas as eurodiputadas/os do estado español. A carta conterá: a razón da misiva, a exposición de motivos, e as propostas de futuro. A información para cada un dos apartados recollerá das tarefas previas.

Trátase dunha tarefa individual que se completará con outra grupal. Pois as cartas serán entregadas presencialmente nunha oficina de correos do concello, durante unha saída didáctica realizada a tal efecto, coa fin de chamar a atención dos medios de comunicación e visibilizar a opinión do alumnado ante o xenocidio do pobo palestino en Gaza e ante as guerras en xeral. Durante esta actividade o alumnado autorizado polas súas familias poderá conceder entrevistas a xornalistas que o soliciten.

Tarefa inicial




FIGURA 2. Mapa coa evolución do territorio palestino desde 1947 até o presente (obtido da páxina “brasilescola” <https://brasilescola.uol.com.br/geografia/palestina.htm>)

O 7 de outubro deste 2025 cumpríronse dous anos dos ataques terroristas perpetrados por Hamás e outros grupos armados no sur de Israel, nos que asasinaron a unhas 1200 persoas e secuestraron a 251. A resposta de Israel supuxo unha masacre sobre Gaza cualificada de xenocidio pola Comisión Internacional Independente de Investigación sobre os territorios palestinos ocupados, establecida polo Consello de Dereitos Humanos da ONU. As razóns desa cualificación foron recollidas nun informe da comisión que investigou o ocorrido desde o 7 de outubro de 2023 até setembro de 2025 e que conclúe:

“Ao matar, causar lesións físicas ou mentais graves, someter deliberadamente a condicións de vida para destruír os palestinos, e impedir a natalidade en Gaza, as autoridades e forzas israelís perpetraron catro dos cinco actos xenocidas definidos na Convención para evitar ese crime”.

Mais o que sucedeu nestes dous últimos anos non é nin moito menos a historia do conflito, só o retrato do momento actual. É necesario botar a vista atrás para entender como se chegou até aquí.

Un pouco de [Historia da cuestión Palestina](#) (1917–2023), da man das Nacións Unidas

Palestina foi un dos antigos territorios otománs que a Sociedade de Nacións puxo baixo administración británica en 1922. Todos eses territorios convertéronse en Estados

independentes, excepto Palestina, para a cal o Mandato Británico incorporara en 1917 a “[Declaración de Balfour](#)”, na que se apoiaba o “**establecemento en Palestina dun fogar nacional para o pobo xudeu**”. Durante ese Mandato, de 1922 a 1947, tivo lugar a primeira onda de inmigración xudía a gran escala a este territorio. Pero o número de inmigrantes xudeus aumentou enormemente na década de 1930 debido á persecución nazi. As reivindicacións árabes a favor da independencia e a resistencia á inmigración xudía desembocaron nunha rebelión en 1937. O Reino Unido acudiu en 1947 ás Nacións Unidas, para facilitar a independencia a esa terra devastada pola violencia.

As Nacións Unidas propuxeron poñer fin ao Mandato e **dividir Palestina en dous Estados independentes, un árabe palestino e outro xudeu**, tamén que Xerusalén quedase baixo un réxime internacional ([resolución 181 \(II\), de 1947](#)). Un dos dous Estados previstos proclamou a súa **independencia en 1948 co nome de Israel** e na guerra que seguiu ese mesmo ano cos Estados árabes veciños ocupou o 77 % do territorio correspondente a Palestina baixo o Mandato Británico, incluída a maior parte de Xerusalén. Máis da metade da poboación árabe palestina foi expulsada ou fuxiu do territorio do novo Estado de Israel. O resto do territorio asignado ao Estado árabe pola resolución 181 quedou baixo o control de Xordania e de Exipto. Na guerra de 1967, Israel ocupou eses territorios (a Franxa de Gaza e a Ribeira Occidental), incluída Xerusalén Oriental, que posteriormente anexionou. Esta guerra provocou un segundo éxodo, de aproximadamente medio millón de palestinas e palestinos.

Na súa [resolución 242](#), o Consello de Seguridade da ONU formulou os principios dunha paz xusta e duradeira, que incluía a retirada israelí dos territorios ocupados durante o conflito, unha solución xusta ao problema dos refuxiados e a fin da belixerancia. En 1974, a Asemblea Xeral da ONU reafirmou os dereitos inalienables do pobo palestino á libre determinación, á independencia nacional, á soberanía e ao regreso dos refuxiados e das refuxiadas. Ao ano seguinte, a Asemblea Xeral estableceu o Comité para o exercicio dos Dereitos Inalienables do Pobo Palestino e outorgou á **Organización de Liberación de Palestina (OLP)** a condición de observadora na Asemblea e nas conferencias deas Nacións Unidas.

Despois do intento de eliminar a OLP en 1982, Israel cometeu unha masacre nos campamentos de refuxiados palestinos de Sabra e Shatila. Polo que en 1983, a Conferencia Internacional para a Cuestión Palestina adoptou os seguintes principios:

- a necesidade de oporse aos asentamentos israelís e ás iniciativas israelís para cambiar o estatuto de Xerusalén
- o dereito de todos os Estados da rexión a existir dentro das fronteiras recoñecidas internacionalmente
- o logro dos dereitos lexítimos e inalienables do pobo palestino.

En 1987 comezou un alzamento masivo contra a ocupación israelí no Territorio Palestino Ocupado: **a intifada**. Os métodos utilizados polas forzas israelís para sufocala provocaron un número inxente de mortos e feridos entre a poboación palestina.

En 1988, o Consello Nacional de Palestina reunido en Arxel proclamou o **establecemento do Estado de Palestina**.

En 1991, as sucesivas negociacións culminaron co recoñecemento mutuo entre o Goberno de Israel e a OLP, como representante do pobo palestino, e a sinatura do coñecido como “Acordo de Oslo” en 1993, que supuxo a retirada parcial das forzas israelís,

a celebración de eleccións en Palestina, a liberación parcial dos detidos palestinos e o establecemento dunha administración efectiva nas zonas palestinas autónomas.

Despois da segunda intifada e a construción por parte de Israel dun muro de separación no Territorio Palestino Ocupado, declarado ilegal pola Corte Internacional de Xustiza; en 2002, o Consello de Seguridade da ONU apoiou a vía dos dous Estados: Israel e Palestina. E no **2003**, Estados Unidos, a Unión Europea, Rusia e as Nacións Unidas deron a coñecer a **folla de ruta para avanzar cara a solución biestatal**. En 2005, Israel retirou os seus colonos e tropas de Gaza, aínda que mantivo o control das súas fronteiras, costas e espazo aéreo. Cando Hamás tomou o control de Gaza en 2007, Israel impuxo un bloqueo e as Nacións Unidas investigaron as violacións do dereito internacional cometidas durante o conflito de Gaza ("informe Goldstone").

En **2011**, o Presidente Mahmoud Abbas presentou a solicitude de admisión de Palestina como Membro das Nacións Unidas. A UNESCO admitiu a Palestina como membro. En 2012 a Asemblea Xeral da ONU recoñeceu a Palestina a condición de Estado observador non membro das Nacións Unidas, e a Asemblea Xeral proclamou **2014 como Ano Internacional de Solidaridade co Pobo Palestino**. Pero, en 2017, a administración dos EEUU anunciou o recoñecemento de Xerusalén como a capital de Israel. Os enfrontamentos entre Israel e Hamás foron a máis. En 2022, a Asemblea Xeral da ONU solicitou á Corte Internacional de Xustiza que emitise unha Opinión Consultiva sobre a legalidade da prolongada ocupación israelí que comezara en 1967. En 2023, despois de novos enfrontamentos entre Israel e Hamás, a Asemblea Xeral da ONU conmemorou por primeira vez o **75 aniversario da Nakba**.



FIGURA 3. [Breve historia animada da cuestión palestina](#) por UN Palestinian Rights Committee



FIGURA 4. Viñeta de Luis Davila obtida da páxina de Fans de Luis Davila en Facebook

TAREFA. Despois de ler comprensivamente o hipertexto dedicado a presentar a **Situación ou Contexto**, así como o documento anterior sobre a **Historia da cuestión palestina da man das Nacións Unidas**, despois de escoitar e visualizar o vídeo [Breve Historia Animada da Cuestión de Palestina](#), realizado polo [Palestinian Rights Committee das Nacións Unidas](#), e despois de observar a viñeta de Luis Davila, seguramente terás unha visión máis ampla arredor da masacre cometida en Gaza ao longo destes dous últimos anos. Nesta tarefa pídesече que achegues a túa opinión arredor desta catástrofe participando nun **FALADOIRO**.

Indicacións para participar no FALADOIRO:

- Respecta as quendas de intervención e participa cun ton, un volume e unha actitude que fomenten o diálogo e non a discusión ou a pelexa. Evidencia os teus recursos non verbais para complementar a mensaxe oral que queres compartir.
- Evita ou corrixe erros gramaticais e desvíos normativos. Evidencia a pronuncia de todos os fonemas galegos, especialmente dos sons máis característicos da túa variedade xeográfica.
- Intervén adecuadamente, servíndote dun léxico rico e preciso, mostrando o teu manexo dos rexistros.
- Mostra a túa opinión sosténdoa en argumentos veraces, en documentación e/ou información fiable. Evidencia a comprensión previa das fontes consultadas.
- Mantén sempre unha actitude de escoita activa para poder interactuar coas compañeiras e compañeiros, respectando as súas opinións.

Reflexións previas de cara ao FALADOIRO:

- Que é Palestina?
- Quen son os palestinos e as palestinas?
- Cal é o pobo semita?
- Que é o antisemitismo?
- Cal é a orixe do sionismo?
- Que se agocha detrás do lema sionista: **Sen Sión o sionismo non existe?**

- Como e cando nace o estado de Israel?
- Cal é a diferenza entre “hebreo”, “xudeu” e “israelí”?
- Poderíase falar de “árabes israelís”? E de “árabes xudeus”? E de “musulmáns israelís”? E de “xudeus palestinos”? E de “xudeus galegos”?
- A que fai referencia a ficción narrada no primeiro texto, **A creación do ‘home-land’ hebreo e o sometemento dun pobo**? Cal cres que é a finalidade ou a intención que persegue ese texto?
- Que relación hai entre os dous mapas de Galiza e de Palestina, que abren o primeiro e o segundo texto?
- Á vista dos mapas, que cres que significa o lema palestino: **Dende o río até o mar, Palestina vencerá**?
- Que teñen en común o texto anterior e o segundo texto, **Historia da cuestión palestina**, obtido da páxina das Nacións Unidas?
- Que significa “**xenocidio**”? é o mesmo que “masacre” ou “matanza”?
- Por que foi acusado o presidente do goberno de Israel e algúns dos seus membros de xenocidas?
- Quen lidera hoxe o [goberno de Israel](#)?

Esta tarefa inicial dáse a man coa tarefa final; pois, para cumprir o reto e escribir a carta para a presidenta da Comisión Europea, deberás ter en conta as preguntas suxeridas aquí para a reflexión sobre o tema, e as túas respostas, que servirán ben para explicar as razóns da misiva, ben para a exposición de motivos, ben para as propostas de futuro. Deste xeito poderás comprobar até que punto se viu modificada (ou non) a túa opinión inicial.

Tarefas possibilitadoras

Tarefa 1. Un xenocidio cheo de eufemismos



FIGURA 5. Viñeta de Luis Davila obtida da páxina de Fans de Luis Davila en Facebook

Unha das cuestións que xerou e segue a xerar debate na masacre de Gaza foi o emprego do termo “xenocidio”. No ámbito académico semellaba que había consenso, mais non así no político e a clave está nun cambio producido no ámbito xurídico.

Segundo o [Diccionario Etimológico Castellano En Línea](#), a palabra “**xenocidio**” provén da combinación da raíz *xen-* (que significa estirpe, linaxe, grupo xenético ou de orixe común) e o sufixo latino *-cid*, xerado pola raíz do verbo latino *caedere* (que significa matar, cortar), vencellado a unha raíz indoeuropea. A palabra non existía antes da Segunda Guerra Mundial, o termo foi acuñado polo xurista xudeu polaco Raphael Lemkin en 1944 para describir as políticas de ocupación nazi en Europa, especialmente as atrocidades cometidas contra os polacos ou a destrución dos xudeus europeos (Holocausto).

Lemkin argumentou cinco políticas nazis que demostraban unha «intención de destruír» a nación polaca. Desde entón os actos que constitúen xenocidio divídense en cinco categorías:

- Matar os membros do grupo.
- Causar danos corporais ou mentais graves aos membros do grupo.
- Influxir ao grupo, de maneira deliberada, condicións de vida calculadas para provocar a súa destrución física de maneira total ou parcial.
- Impoñer medidas destinadas a evitar os nacementos dentro do grupo.
- Transferir de maneira forzada as nenas e os nenos do grupo a outro grupo.

O Tribunal Militar Internacional usou a palabra “xenocidio” por vez primeira en 1945, durante os xuízos de Nuremberg; mais non se converterá en termo legal até 1948, cando a ONU acorde e aprobe a Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio. O borrador inicial sinalaba a “intención de destruír un grupo nacional, étnico, racial, relixioso ou político”, pero as razóns ou os asasinatos políticos caeron

da convención porque a Unión Soviética, seguramente para evitar a persecución de Stalin pola [Gran Purga](#), argumentou que a definición de xenocidio debía cinxirse á etimoloxía do termo.

A partir de aí estableceuse o xenocidio como un delito internacional e a obriga de evitalo e sancionalo vinculante para todos os estados, incluso para os que no ratificaran a convención. En 2022, aceptaran esta convención 153 estados.

Seguramente, ese cambio político no termo, xerou a falla de consenso político actual, como tamén evidencian os dicionarios das distintas linguas:

- **RAG:** *Exterminación metódica dun grupo social por motivos étnicos, relixiosos ou políticos.*
- **Priberam:** *Destruição metódica de um grupo étnico ou religioso pela exterminação dos seus indivíduos.*
- **RAE:** *Exterminio o eliminación sistemática de un grupo humano por motivo de raza, etnia, relixión, política o nacionalidad.*
- **Larousse:** *Crime contre l'humanité tendant à la destruction totale ou partielle d'un groupe national, ethnique, racial ou religieux.*
- **Cambridge dictionary:** *the crime of intentionally destroying part or all of a national, ethnic, racial, or religious group, by killing people or by other methods.*

Como vemos, só os dicionarios da RAG e da RAE inclúen os motivos políticos, como no primeiro borrador da convención. Sexa como for, o caso é que a palabra “xenocidio” aplicada aos crimes que o goberno de Israel está cometendo en Gaza converteuse nalgúns ámbitos nun termo tabú, para o que mesmo se utilizan [eufemismos](#) como “[crimes de lesa humanidade](#)” ou “[crimes de guerra](#)”, como se realmente todas estas atrocidades puidesen ser eufemísticas.

TAREFA

Nesta tarefa deberás realizar distintas actividades (a través de interaccións orais na aula) arredor do léxico relativo ao “xenocidio” e aos seus “eufemismos”, para poder elaborar **DEFINICIÓNS** adecuadas dos termos que se che propoñen (senalados en letra grosa máis abaixo) e que, na tarefa final, terás que incorporar na redacción da **Carta pola Paz**.

Actividades

- A partir das explicacións anteriores e servíndote do [DECEL](#) (Dicionario Etimolóxico de Castelán En Liña), explica a relación da palabra “**xenocidio**”:
 - con “**enxendrar**” (parir, dar a luz)
 - con “**liñaxe**” (estirpe, raza)
 - con “**xente**” (pobo, comunidade humana)
- Palabras como *xenio*, *xenial*, *enxeño* ou *inxenuo* ou *indíxena* comparten o elemento *xen-* con xenocidio. Tendo en conta que unha familia léxica reúne palabras que comparten a mesma raíz, mentres que o campo semántico reúne termos que comparten parte do seu significado, argumenta a cal dos dous grupos adscribirías as palabras anteriores?
- Por que a palabra *hidróxeno*, usada para identificar o primeiro e máis liviano elemento químico, forma parte da mesma familia léxica que *xenocidio*?

- As palabras “**disfemismo**”, “**profeta**” e “**blasfemia**” que teñen en común con “**eufemismo**”? A partir da información obtida ata aquí, pon en relación cada unha delas co xenocidio do pobo palestino en Gaza.
- Por que cres que os euphemismos son usados como sinónimos parciais das palabras **tabú** ás que substitúen? Observas algún euphemismo ou algún tabú na viñeta que ilustra o inicio desta tarefa? Ou mesmo un exemplo de autocensura? Ou simplemente se trata dun xogo de palabras, dunha **diloxía**?
- A terminoloxía bélica e a política son grandes xeradoras de euphemismos. Une nas seguintes columnas os termos tabú cos seus euphemismos correspondentes:

TABÚ	EUFEMISMO
Invasión	Interrogatorio mellorado
Derrota	Ataque aéreo, neutralización de obxectivos
Exército	Conflito armado
Bombardeo	Repregue táctico, reaxuste de fronte
Censura	Liquidación de obxectivos de alto valor
Asasinato selectivo	Control da información
Tortura	Intervención, incursión cirúrxica
Guerra	Forzas de seguridade, cascos azuis

Indicacións para elaborar as DEFINICIÓNS adecuadas das palabras en letra grosa:

- Inicia a definición por unha palabra da mesma clase, que posúa as mesmas categorías gramaticais.
- Se é posible, usa un hiperónimo ou termo global, no que estea incluído o significado da palabra a definir.
- Non convertas a definición nunha enumeración de sinónimos nin te limites a dar un exemplo, pois as definicións deben explicar e describir.
- Non inclúas na definición o termo a definir ou outro da súa mesma familia léxica.
- Sírverte das túas palabras, constrúe as túas propias definicións respectando as propiedades textuais e con corrección gramatical e ortográfica.

Tarefa 2. *Imagine*



FIGURA 6. “Imagine” by John Lennon.

TASK: *Peace* is a powerful word in English: it can mean absence of war, but also inner calm, reconciliation, or justice (as in the song “Imagine” by John Lennon.)

In this task, you will prepare an oral presentation after completing several activities in which you will explore the different meanings and uses of the word *peace*, contrasting how it is used in music and literature with the harsh reality of war, particularly in the current conflict in Gaza. **The PURPOSE of this task is to come up with ideas that could be included in the letter to the President of the European Commission.**

A) Vocabulary

The word *peace* comes from the Latin *pax*, meaning “agreement” or “truce”. In English, *peace* can have different meanings depending on the context.

Match the following sentences with the correct meaning of *peace*:

- (a) The peace agreement was signed after years of negotiation.
- (b) She found peace in meditation and silence.
- (c) The protesters demanded peace and justice for the victims.
- (d) The village enjoyed peace after the soldiers left.

Meanings:

- (i) Absence of war or violence.
- (ii) A formal truce or treaty.
- (iii) Inner calm or emotional balance.
- (iv) Social justice and reconciliation.

B) Song Interpretation

In the song *Imagine* by John Lennon, the word *peace* is used as a central metaphor. Answer the following questions:

1. What kind of peace is the singer imagining?
2. How is this different from the peace described in a political treaty?
3. Why do you think the song has become a global anthem for peace?

C) Writing task

Write a short opinion essay (120–150 words) reflecting on this statement: “Peace is not just the absence of war, but the presence of justice, dignity, and hope.”

Follow these instructions:

1. How can the same word express such different realities?
2. Try to use at least three different meanings of *peace* in your answer.

D) Reflection and global competence

Prepare a 5-minute ORAL PRESENTATION in which you share three ideas to answer this question: How could music, art, and education be used to promote peace and raise awareness about the humanitarian crisis in Gaza?

Follow these instructions:

- Prepare your oral presentation with a brief script to stay focused.
- Organise your talk as follows:
 - Introduction and contextualization
 - Development of the three ideas
 - Conclusion and farewell
- Use formal language, rich vocabulary, and clear pronunciation.
- Start the oral presentation by greeting the audience, introducing yourself appropriately and indicating the topic clearly and concisely. Maintain an appropriate posture throughout the presentation, addressing your colleagues. Say goodbye appropriately, giving the audience time to ask questions. Use all the time allocated to the presentation. (i.e., 5 minutes).

Tarefa 3. *J'accuse !*



FIGURA 7. *J'accuse, el affair Dreyfus*. Film de Roman Polansky.

J'accuse ...! est le titre d'une célèbre lettre écrite par [Émile Zola](#) dans l'Affaire Dreyfus, publiée dans *L'Aurore*, n° 87, datée du 13 juin 1898, et adressée au président de la République française, Félix Faure.

En 1894, Alfred Dreyfus, officier français d'état-major d'origine alsacienne et de confession juive, accusé à tort d'avoir livré des documents à l'Allemagne, est condamné à l'emprisonnement à perpétuité et expédié sur l'île du Diable, en Guyane française. Sa famille organise sa défense et le véritable traître est identifié en novembre 1897: c'est le commandant Walsin Esterhazy, fait reconnu par le lieutenant-colonel Georges Picquart, chef du service des renseignements militaires. Mais Picquart est limogé par l'état-major, manœuvre visant à empêcher toute reprise judiciaire de l'affaire. Malgré tout, l'élargissement du soutien à Dreyfus qui s'ensuit oblige l'état-major

de l'armée à faire comparaître le commandant Esterhazy en conseil de guerre ; il est acquitté à l'unanimité le 11 janvier 1898.

C'est ce verdict scandaleux qui pousse Émile Zola à intervenir de façon très forte, en s'exposant personnellement à des poursuites en cour d'assises, devant un tribunal civil et non militaire. En lançant par voie de presse des accusations nominatives contre dix acteurs de l'affaire, dont le ministre de la Guerre et le chef d'état-major de l'armée, le romancier sait qu'il se met sous le coup de la loi du 29 juillet 1881 sur la liberté de la presse, ce qu'il écrit lui-même à la fin de son texte.

Zola comparaît effectivement au mois de février 1898. Bien que le président de la Cour interdise de parler de l'affaire Dreyfus, plus de cent témoins parviennent à s'exprimer. Zola est condamné au maximum de la peine et s'exile à Londres. Mais le procès a mis au grand jour les failles de l'accusation contre Alfred

Dreyfus, ce qui a pour conséquence la révision de son cas quelques mois plus tard (procès de Rennes en 1899 suivi de sa grâce immédiate puis 7 ans plus tard,

en 1906, de sa réhabilitation par la Cour de cassation).

« **J'accuse ...!** » est donc, au travers de son engagement et en raison des résultats obtenus, le symbole du pouvoir de la presse au service de la défense d'un homme et de la vérité.

TÂCHE

Dans cette tâche, vous rédigerez une lettre appelant à une journée de paix à Gaza adressée au président de la Galice, intitulée « J'accuse ...! », en suivant le modèle du titre de la lettre d'Émile Zola. Cependant, cette fois, le sujet ne sera pas l'antisémitisme français qui a condamné Dreyfus, mais le président du gouvernement israélien responsable du génocide à Gaza. Pour alimenter votre lettre de protestation, vous utiliserez les informations des tâches précédemment réalisées ainsi que celles des activités suivantes.



FIGURA 8. [Un jour de paix — Gaza — PNL \(paroles de la chanson\)](#)

Activités

A) Vocabulaire et compréhension Il faut comprendre comment la chanson “Gaza” de PNL ([paroles de la chanson](#)) emploie la langue française pour transmettre un message de paix, de douleur et de solidarité, et réfléchir à la manière dont la musique a le pouvoir de sensibiliser les jeunes aux conflits mondiaux.

- Dans la chanson, repérez trois mots ou expressions qui font référence à :
 - La souffrance
 - L’espoir
 - La paix

- Exposez comment le mot *paix* est utilisé dans différents contextes dans la chanson.

B) Exposé orale

Sujet : Comment la musique francophone peut-elle apporter sa contribution à la paix dans le monde, en particulier dans des zones de conflit comme Gaza ?

Structure :

- Présentation : le contexte du conflit et le rôle de la musique
- Développement : 3 idées clés (émotion, sensibilisation, implication)
- Conclusion : incitation à agir ou à réfléchir.

C) Expression écrite

Écrivez une lettre (120-150 mots), adressée au président de la Galice, en suivant ces consignes:

- Commencez votre lettre, comme Zola, par J'accuse...! Pointer du doigt le coupable du massacre de Gaza
- Reproduisez le titre de la lettre de Zola dans le journal L'Aurore.
- Commencez le texte de la lettre en vous présentant et en indiquant la raison qui vous pousse à écrire cette lettre et donc la réclamation que vous faites au président.
- La lettre continue avec un exposé des raisons qui conduisent à défendre une position pacifiste.
- Signez en décrivant vos souhaits pour l'avenir de Gaza, de l'Ukraine et de tous les autres endroits du monde en proie à un conflit armé.
- Écrivez avec correction orthographique et grammaticale, dans un registre formel et en respectant les propriétés textuelles.



FIGURA 9. Imaxe obtida da Wikipedia

Tarefa 4. ¿Pacifismo o antimilitarismo?

LE DÉSERTEUR

Monsieur le président,
je vous fais une lettre,
que vous lirez peut-être
si vous avez le temps.

Je viens de recevoir
mes papiers militaires
pour partir à la guerre
avant mercredi soir.

Monsieur le président,
je ne veux pas la faire,
je ne suis pas sur terre
pour tuer des pauvres gens.

C'est pas pour vous fâcher,
il faut que je vous dise:
ma décision est prise
je m'en vais désertar !

Depuis que je suis né,
j'ai vu mourir mon père,
j'ai vu partir mes frères
et pleurer mes enfants.

Ma mère a tant souffert
Qu'elle est dedans sa tombe
et se moque des bombes
et se moque des vers.

Quand j'étais prisonnier,
on m'a volé ma femme,
on m'a volé mon âme
et tout mon cher passé.

EL DESERTOR

Señor presidente,
le escribo esta carta,
que quizá lea usted
si tiene tiempo.

Acabo de recibir
la orden militar
para ir a la guerra
el próximo miércoles.

Señor presidente
no voy a hacerlo,
no vine a este mundo
para matar pobre gente.

No quiero que se enfade,
pero he de decirle:
Que mi decisión está tomada:
voy a desertar!

Desde el día en que nací,
he visto morir a mi padre,
partir a mis hermanos
y llorar a mis hijos.

Mi madre sufrió tanto
que ya está bajo tierra
Y se burla de las bombas
Y se burla de los gusanos

Cuando estuve preso,
me robaron la mujer,
me robaron el alma
y todo mi querido pasado.

Demain de bon matin, je fermerai ma porte au nez des années mortes, j'irai sur les chemins.	Mañana muy temprano daré con la puerta en la nariz de los años muertos, y me echaré al camino.
Je mendierai ma vie sur les routes de France, de Bretagne en Provence et je dirai aux gens:	Pediré limosna por las rutas de Francia, De Bretaña a Provenza, Y les diré a las gentes:
« Refusez d'obéir, refusez de la faire, n'allez pas à la guerre, refusez de partir».	«Niéguese a obedecer, niéguese a hacerla, no vayan a la guerra, niéguese a partir».
S'il faut donner son sang, allez donner le vôtre, vous êtes bon apôtre, monsieur le président.	Si hay que derramar sangre, derrame usted la suya, es usted un buen apóstol, señor presidente.
Si vous me poursuivez, prévenez vos gendarme, que je n'aurai pas d'armes, et qu'ils pourront tirer.	Si me persigue, advierta a sus agentes de que no llevaré armas, Y que podrán disparar.




FIGURA 10. *Le déserteur*. Boris Vian.

Pacifismo y *antimilitarismo* son dos términos habitualmente usados como sinónimos, pero en realidad se refieren a acciones y pensamientos diferentes; pues el antimilitarismo supone un rechazo a los ejércitos y hace referencia a la objeción al servicio militar, mientras que el pacifismo promueve movilizaciones para impedir o parar

guerras. En estos momentos de guerra permanente (según la Wikipedia, con datos actualizados a 09-10-2025, entre [guerras y conflictos](#), en el mundo están activas/os 45) echamos mano de las canciones en defensa de la paz más emblemáticas y, después de la canción Imagine de John Lennon, el mayor símbolo del pacifismo internacional ha sido y es la canción [El desertor](#) que [Boris Vian](#), difundió por la Europa de la guerra fría. El éxito de esta canción seguramente nace del hecho de que en el corazón de todo pacifista se esconde un luchador, un rebelde, cuya fuerza estriba precisamente en no estar dispuesto a asesinar inocentes para alcanzar las demandas de la justicia y la razón.

El escritor, poeta y músico francés, Boris Vian (1920-1959) se inscribe en el pacifismo surrealista al que se sumaron la mayoría de los [surrealistas dadaístas de la época](#). Si bien, en un principio, optaron por romper la violencia mediante la reducción de ésta al absurdo y se inscribieron en la línea pacifista que permitió a Gandhi expulsar al imperialismo británico del suelo de su país; pronto renegarían de la resistencia no-violenta al empezar a ser conscientes del avance del fascismo y de su brutal agresión. Este fue el caso de [André Breton](#), y de todos aquellos que, en principio pacifistas, optaron finalmente por apoyar al bando republicano en la guerra civil española de 1936. Como ellos, Boris Vian se opondrá a toda guerra de agresión, a la guerra fascista que supone la destrucción del otro, su reducción a esclavitud y la apropiación de todos sus bienes; pero no se opondrá a la insurrección contra los agresores ni a la defensa propia de los pueblos frente a los poderes militares, económicos y políticos que procuran sojuzgarlos.

El desertor es [canción protesta](#) y poesía epistolar, continuadora del subgénero literario de Cartas al Presidente, que había inaugurado Émile Zola en 1898 con su « J'accuse ...! » Hoy, esta canción es el [himno](#) del **pacifismo** y del **antimilitarismo**; pero el texto original de 19121 triunfó en 1954 con una versión un tanto diferente. En la versión inicial Boris Vian concluía con los siguientes cuatro versos: “Si vous me poursuivez / Prévenez vos gendarmes / Que j’emporte des armes / Et que je sais tirer”. (“Si me manda perseguir / Prevenga a sus gendarmes / Que yo también llevo armas / Y que también sé disparar”). Mientras que en la versión de 1954 los dos últimos versos fueron reescritos por considerarlos demasiado radicales: “Si vous me poursuivez / Prévenez vos gendarmes / Que je n’aurai pas d’arme / Et qu’ils pourront tirer” (“Si me manda perseguir / Prevenga a sus gendarmes / Que no llevaré armas / Que podrán disparar”). Esos dos finales diferentes colocan la canción como himno del pacifismo unas veces y como himno del antimilitarismo otras.

(A partir de información obtenida en la página del [Grupo antimilitarista Tortuga](#))

TAREA

En esta tarea tendrás que escribir un **ARTÍCULO DE OPINIÓN** que lleve por título **¿Pacifismo o antimilitarismo?**, a través del cual evidencies una lectura comprensiva de la canción de Boris Vian y un buen manejo del léxico con el que has trabajado en las tareas anteriores. Además, esta tarea te servirá para completar la **exposición de**

motivos y articular las **propuestas** que incorporarás a la Carta por la Paz solicitada como reto final.

Escribe un ARTÍCULO DE OPINIÓN siguiendo estas indicaciones:

- Investiga sobre el tema a través de los hiperenlaces de los textos y las tareas anteriores. Puedes completar la información con este artículo ensayístico: [Eco-Pacifismo y Antimilitarismo. Nuevos Movimientos Sociales y Jóvenes en el Movimiento Alterglobalizador](#).
- Organiza los argumentos. Sírrete de un borrador o esquema que recoja tu posicionamiento, los argumentos que lo sostienen y posibles contraargumentos.
- Elabora el texto argumentativo (250–300 palabras):
 - Escribe una introducción que explique el asunto y exponga la tesis que vas a defender.
 - Escribe la argumentación exponiendo los argumentos con claridad (un argumento por párrafo). Sírrete de argumentos propios, no solo opiniones, y desenvuélvelos, que no se limiten a meros enunciados. Prescinde de falacias, generalizaciones y simplificaciones, No afirmes nada que no puedas probar.
 - Redacta un párrafo de conclusión para reafirmar la tesis expuesta inicialmente.
- Crea un texto respetuoso con las propiedades textuales, con corrección lingüística y precisión léxica. Utiliza el léxico con el que has trabajado en las tareas anteriores.




FIGURA 11. Pegatina del movimiento pacifista de finales de la década de 1970 (Archivo de la Asamblea Antimilitarista de Madrid).

Puede servirte de modelo este artículo de Josemi Lorenzo Arribas: [El antimilitarismo contra la paz](#) (El salto, 22-04-2022)

Tarefa 5. *Vozes pela paz*



FIGURA 12. [Tvi notícias](#).

O conflito em Gaza tem causado milhares de vítimas civis, entre elas muitas crianças. Segundo a Declaração dos direitos da criança:

1. A criança gozará dos direitos enunciados nesta Declaração. Estes direitos serão reconhecidos a todas as crianças sem discriminação alguma, independentemente de qualquer consideração de raça, cor, sexo, idioma, religião, opinião política ou outra da criança, ou da sua família, da sua origem nacional ou social, fortuna, nascimento ou de qualquer outra situação.
2. A criança gozará de uma proteção especial (...) para que possa desenvolver-se física, intelectual, moral, espiritual e socialmente de forma saudável e normal, assim como em condições de liberdade e dignidade. (...)
3. A criança tem direito desde o nascimento a um nome e a uma nacionalidade.
4. A criança deve beneficiar da segurança social. Tem direito a crescer e a desenvolver-se com boa saúde (...). A criança tem direito a uma adequada alimentação, habitação, recreio e cuidados médicos.
5. A criança mental e fisicamente deficiente, ou que sofra de alguma diminuição social, deve beneficiar de tratamento, da educação e dos cuidados especiais requeridos pela sua particular condição.
6. A criança precisa de amor e compreensão (...), deverá crescer com os cuidados e sob a responsabilidade dos seus pais (...). A sociedade e as autoridades públicas têm o dever de cuidar especialmente das crianças sem família e das que careçam de meios de subsistência. (...)
7. A criança tem direito à educação, que deve ser gratuita e obrigatória, pelo menos nos graus elementares. (...)
8. A criança deve, em todas as circunstâncias, ser das primeiras a beneficiar de proteção e socorro.

9. A criança deve ser protegida contra todas as formas de abandono, crueldade e exploração, e não deverá ser objeto de qualquer tipo de tráfico. (...)
10. A criança deve ser protegida contra as práticas que possam fomentar a discriminação racial, religiosa ou de qualquer outra natureza. Deve ser educada num espírito de compreensão, tolerância, amizade entre os povos, paz e fraternidade universal (...).

A paz, neste contexto, não é apenas uma ideia abstrata, mas uma necessidade urgente para garantir o direito à vida, à educação e à dignidade. Nesta tarefa, vais trabalhar com testemunhos reais e textos jornalísticos para refletir sobre o papel da língua, da cultura e da cidadania na defesa da paz.

A) Compreensão escrita

Lê este excerto adaptado de um testemunho de uma criança palestina: “Eu queria ir à escola, mas ela já não existe. O meu irmão mais novo não fala desde que a nossa casa foi destruída. A minha mãe diz que temos de ser fortes, mas eu só queria brincar com os meus amigos como antes.”

Responde às perguntas:

1. Que sentimentos transmite este testemunho?
2. Que direitos fundamentais estão a ser violados?
3. Podes preparar um manifesto para dar voz a estas crianças?

B) Vocabulário e expressão

Associa as palavras seguintes às suas definições:

- a. Refugiado
- b. Reconciliação
- c. Trauma
- d. Solidariedade

Definições:

1. Ato de reconstruir relações quebradas.
2. Pessoa que foge de um conflito ou perseguição.
3. Consequência psicológica de uma experiência violenta.
4. Apoio mútuo entre pessoas ou comunidades.

C) Produção escrita

Escreve um texto argumentativo (120—150 palavras) sobre o seguinte tema: **“A paz começa com o reconhecimento da dor do outro.”**

Inclui:

- Uma referência ao testemunho lido.
- Uma reflexão sobre o papel da educação e da cultura na construção da paz. Você pode usar esta postagem: [O que é educação para a paz?](#)
- Pelo menos três palavras do vocabulário trabalhado.


C) Produção oral (apresentação de 3 minutos)

Prepara uma apresentação oral com o tema: **“Como podemos promover a paz e dar voz às vítimas dos conflitos?”**

Estrutura sugerida:

- Introdução: contextualização do conflito em Gaza. Você pode usar esta postagem: [Dois anos de guerra: a destruição da Faixa de Gaza, um símbolo de cada vez](#)
- Desenvolvimento: apresenta três propostas, que podem ser extraídas:
 - de tarefas anteriores (por ex. no campo da música),
 - do campo do jornalismo: Gaza: [“Encontrámos muitas crianças que não falam, que não dormem sem ter pesadelos”](#),
 - do campo das redes sociais: [Facebook destaca-se na censura a conteúdos palestinianos](#),
 - dos organismos internacionais: [“As crianças em Gaza precisam desesperadamente de apoio para continuar vivas”](#).
- Conclusão: proposta concreta para uma campanha de sensibilização em português. Exemplos:
 - Campanha [“Todos pela Palestina”](#)
 - Em Facebook [“Todos pela Palestina”](#)

Tarefa 6. Álbums de guerra, sementes de paz



Castelao debuxou un preso político reprimido despois da guerra civil española e milleiros de demócratas de Europa e de América enviaron o debuxo en forma de tarxeta postal á ONU coa seguinte reivindicación: “Os pobos de España están agardando pola xustiza que as democracias prometeron”. Semella que hoxe Palestina tamén espera pola xustiza internacional que non chega e polo recoñecemento recollido en tantas e tantas resolucións da ONU como se fose en papel mollado.

Seguramente o autor rianxeiro foi quen mellor retratou a razón e os desastres das guerras nos seus debuxos. Aí están os tres [Álbums de guerra](#): Atila en Galiza, Galiza mártir e Milicianos.




Castelao dicía que “un debuxo vale máis que mil palabras”. Moitas das súas reflexións antibelicistas están nos seus afamados debuxos. Mais non só expresou o seu pacifismo a través dos debuxos senón tamén nos seus textos:

En **Os dous de sempre** dous amigos discuten polas súas ideoloxías políticas enfrontadas, até que se decatan de que son irmáns en canto galegos e pobres. A guerra é



Arriba os
probes do
mundo...



Cobardes!
Asesinos!

presentada desde a perspectiva da loita de clases, como un engano que serve aos poderosos para enfrontar os pobres entre si, deste xeito o antibelicismo de Castelao móstrase tamén anticapitalista e antiautoritario pois considera a guerra como un instrumento dos poderosos para dividir e debilitar ao pobo.

>Personaxe 1: *“Eles mandan que nos matemos, e nós matámonos. Eles gañan a guerra, queiramos ou non, e nós perdémola sempre, gañe quen gañe. Porque a nosa guerra é a fame, e esa non a gañamos nunca.”*

>Personaxe 2: *“Temos razón os dous...e enganáronnos os dous. Aos nosos fillos mandámosllos a loitar...para que os fillos dos que mandan sexan ricos.”*

Tamén na súa correspondencia, Castelao reflexiona sobre a natureza da violencia:

“Hai xente que cre que a valentía está en matar. Eu creo que a verdadeira valentía está en deixarse matar antes de manchar a propia man con sangue alleo. O pacifismo non é covardía; é a forma máis alta de valor, porque require máis coraxe sufrir que atacar.”

Ademais de Castelao, moitas foron as e os poetas que ergueron a súa voz contra a guerra e pola paz. Como co seu [Digo Viet Nam e basta](#) en Viaxe ao país dos ananos de 1960. Ou como [Uxío Novoneyra](#) co seu [Vietnam canto](#) de 1967.




FIGURA 13. [Vietnam canto](#) de Uxío Novoneyra

Máis recente e máis acaído cos tempos que vivimos é seguramente o poema de [Pilar Pallarés](#) **Neno palestino con gato despois dun bombardeo** (En Beirut. Dunha foto da prensa).

Puiden vencer aquela vez a morte,
cando o ceu se abateu sobre nós en forma de metralla
e o cheiro animal do sangue
ocultou para sempre o dos limoeiros na casa dos meus pais.

O ceu aproximouse até eu o tocar cos dedos
e estaba vivo e quente como o ventre das feras,
pero era enxofre e mancava os calcañares
con arestas e cal.

Despois houvo un silencio entre os meus sete anos
e aquel pátio onde á tarde brincava
perseguido os insectos.

Sorrín cando me fotografou co meu gato Kamal entre os escombros
un dos homes franceses.
Sorrín e avancei altivo como os guerreiros e os profetas,
porque as cancións da avoa din que a pátria está perto
e a vitoria non tarda.

Resistín aquela morte e outras mortes
e non ollei atrás
e cando os nosos soldados saíron expulsos da cidade,
dei-me presa en medrar
e fun soldado
e erguín contra Israel o brazo e a razón,
o peso dos meus sonhos
e unha pátria a cumprir-se.

Nesta tarefa deberás elaborar un **COMENTARIO** que che sirva para comparar e contrastar as distintas formas en que as nosas autoras e os nosos autores expresaron a dor da guerra. Na tarefa final, para a **exposición de motivos da Carta pola Paz**, deberás incorporar as razóns das guerras expostas nas creacións galegas aquí citadas. Para elaborar o COMENTARIO deberás seguir estes pasos:

1. Le detidamente o poema e repara na autora do mesmo, así como na data de publicación da obra á que pertence. A análise deberá comezar por unha explicación razoada arredor da época á que pertence o autor do texto e dos seus vínculos con creadoras e creadores da súa xeración ou doutras correntes literarias. Para realizar esta contextualización literaria é necesario investigar nas fontes achegadas a través das hiperligazóns que contén o texto.

2. Sinala os elementos que deben ser comentados ou analizados. Subliña nos versos as ideas principais ou as palabras-clave. A análise deberá ter en conta estes aspectos: o xénero discursivo e o subxénero; a forma [estrofas, métrica, rima... musicalidade, carácter popular ou culto]; o contido [asunto, tema e subtemas; voz poética e posible/s destinatario/s] e os recursos estilísticos [fónicos, morfosintácticos, léxicos...].
3. Compara o poema de Pilar Pallarés coas outras creacións aquí expostas e recolle as conclusións das seguintes análises:
 - a. Analiza os debuxos de Castelao e identifica cal deles comparte temática co fragmento de “Os dous de sempre”.
 - b. Analiza o poema de Pilar Pallarés e os debuxos de Castelao e busca unha das consecuencias das guerras (en Galiza e en Gaza) común aos dous artistas.
 - c. Analiza o fragmento da correspondencia de Castelao e compara ese pacifismo coa mensaxe do poema de Pilar Pallarés.
 - d. Analiza a forma do poema de Pilar Pallarés e contrástaa co texto de Uxío Novoneyra, coa fin de escoller exemplos que sirvan para describir as diferentes linguaxes poéticas, as diferenzas expresivas de ambos poetas, e poder así situalos en correntes poéticas e en contextos sociohistóricos diferentes.
4. Escribe un texto no que recollas o teu comentario e no que evidencies o valor nos distintos autores dos conceptos de pacifismo, antibelicismo, antimilitarismo, valentía e covardía e, na conclusión, a túa opinión arredor da idea tradicional do heroe guerreiro fronte a un novo heroísmo baseado na resistencia pacífica e na integridade moral. O resultado deberá ser un texto correcto gramatical e ortograficamente, respectuoso coas propiedades textuais [adecuación, coherencia e cohesión] e cun léxico preciso, no que tamén se valorará a orixinalidade e a creatividade.

Tarefa 7. Eu, condenado ou non, escollo a paz




FIGURA 14. Eudaimonia, de Hohannes A. Niederhauser

Chámome Leopoldo e nacín en Cór-gomo, unha aldea pequena e verde do corazón de Valdeorras, arrasado polos lumes forestais en 2025. Nunca pensei que a guerra ía atravesar a miña vida como unha fouce que corta sen mirar a quen. Eu, que só coñecía o rumor do Sil e o canto dos merlos nas viñas, acabei arrastrado por unha orde que non comprendía. Chamáronme para loitar, e fun, porque o medo pesa máis que as convic-cións cando un sente que todo o mundo empurra na mesma dirección. Mais axi-ña descubrín que aquel camiño non era o meu.

A primeira vez que vin o sangue da guerra correr sobre a terra, lembrei as palabras de **Heráclito** que estudara de

mozo: “A guerra é o pai de todas as cou-sas”. E sentín unha náusea profunda. Se iso era verdade, prefería ser fillo de ninguén. Pero non se trataba de pala-bras: tratábase de matar. Porque a gue-rra non crea, destrúe; non trae orde, se-menta caos; non dá vida, rúbuaa. Das clases de filosofía tamén lembrei a Pla-tón cando falaba na súa República dunha cidade xusta onde cada quen atopaba o seu lugar; mais que xustiza pode haber nun campo inzado de cadáveres, todos fillos de nais e pais que chorarán para sempre?

Durmín moitas noites coa conciencia cargada. Vía os ollos abertos dos mor-tos e preguntábame que clase de deber era aquel que me obrigaba a levantar a arma contra outra persoa que nunca me

fixera mal. Persoas que poderían ser os meus veciños, amizades de partidos e partidas, ou irmáns de festa. **Aristóteles** dicía que o fin último do ser humano é a felicidade, a **eudaimonía**. Onde estaba esa felicidade entre o fume e a pólvora? Non había nela nin rastro. Comprendín entón que a obediencia cega a un poder inxusto é a verdadeira escravitude.

Foi así como decidín fuxir. Non foi un acto de valentía, senón de fidelidade á miña propia alma. Preferín a condena á traizón da miña conciencia. Marchar da fronte foi como volver respirar: sentín que a vida me era devolta, como quen sae dun cárcere invisíbel. Agocheime na casa de Paco, outro gaiteiro, a quen aprendín algunhas pezas, o meu xeito de tocar e a facer palletas. Mais o prezo non tardou en chegar. Non sei quen me descubriu, nin quero sabelo. Alá a súa conciencia, se é que aínda a ten. Detivéronme e fun levado a Lugo, acusado de rebelión militar. Rebelión? que palabra tan grande para alguén que só buscaba a paz.

Naquel tribunal, mentres me xulgabán, pensei en **Séneca**, que advertía contra a ira e a violencia, lembrando que a verdadeira fortaleza reside no dominio dun mesmo. Eu non era un heroe nin pretendía selo. Só era unha persoa común, incapaz de aceptar que a fraternidade entre os pobos se convertese nunha loita interminable. O xuíz falaba de disciplina, de **patria**, de honra. Eu só podía pensar en Córgomo, na miña nai regando a horta, no cheiro do pan apenas cocido, no dereito simple e radical de vivir en paz, das clases de filosofía que tanto me marcaran. Naqueles días, para darme forzas, lembraba a carta que Alexandre Bóveda escribiu antes de ser fusilado. Nela, afastado da vinganza e

do odio, pedía serenidade, pedía que Galiza sobrevivise á barbarie e que o amor á terra fose máis forte ca violencia dos verdugos. Se alguén, na véspera da morte, foi quen de proclamar a paz con palabras firmes e limpas, como non ía eu tentar seguir ese exemplo humilde desde o meu pequeno lugar?

Sei que moitos me chamaron **covarde**. Mais covarde é quen mata por medo a ser castigado se non o fai. Covarde é quen se deixa levar pola inercia sen preguntarse se a causa que defende é xusta. E vénme á memoria a ensinanza de **Epicuro**, que afirmaba que a sabedoría consiste en afastar o sufrimento e procurar o pracer moderado. Non hai pracer máis humano ca vivir sen armas, sen o ruído das bombas, sen o medo a que a morte chegue disfrazada de orde ou deber.

Agora, mentres agardo a sentenza, escribo estas liñas non para xustificarme, senón para deixar unha pregunta aberta: **que farías ti, lector, se te chamaran a loitar nunha guerra na que non cres?** Obedecerías ás ordes, sabendo que cada disparo é unha ferida aberta na humanidade enteira, ou terías a ousadía de declarararte en rebeldía?

Eu non son filósofo, nin pretendo selo. Mais aprendín, con sangue e silencio, que a **paz** non é só unha palabra bonita. É un dereito irrenunciábel, e tamén unha obriga moral. A guerra ensínanos a parte máis escura do home, mais tamén pode abrírnos os ollos: non hai vitoria que pague a vida dun inocente. E se algún día alguén le este relato no meu Córgomo natal, oxalá sirva para que lembremos que, antes que soldados ou inimigos, somos veciños, irmáns, seres humanos. Porque como dicía **Cicerón**, “a paz é a liberdade en calma”. E eu, Leopoldo de Córgomo, condenado ou non, escollo a paz.

TAREFA

Nesta tarefa deberás responder á pregunta que nela aparece en letra grosa, a través dun ARTIGO DE OPINIÓN, no que evidenciarás o teu grao de comprensión da visión que da paz e da guerra teñen os distintos filósofos aquí citados e deberás usar as palabras que tamén aparecen en letra grosa, poñendo de manifesto o valor ou significado que teñen para ti.

Redacta un artigo de opinión (200 palabras) no que expoñas se cres que o modelo de produción capitalista é compatíbel cunha xestión sustentábel da natureza. Debes estruturar ben o texto en introdución, desenvolvemento e conclusión.

Indicacións para o ARTIGO DE OPINIÓN:

- Inicia a túa creación a partir da pregunta que servirá de título: **Que farías se te chamasen a loitar nunha guerra na que non cres?**
- Introduce o teu artigo contextualizando o asunto (o dilema) e posicionándote ante o mesmo. Explicando a túa visión da **paz** e da **guerra**.
- Desenvolve polo menos catro argumentos a partir do pensamento dos filósofos citados no texto (**Heráclito, Aristóteles, Séneca, Epicúreo**).
- Conclúe ratificando a túa postura e incorporando os conceptos de **eudaimonía, covardía e patria**.
- Escribe respectando as propiedades textuais, con corrección gramatical e ortográfica e servíndote dun léxico rico e preciso, que incorpore os termos definidos e glosados nesta tarefa e nas tarefas que realizaches previamente nas áreas lingüísticas.

Lembra que estes argumentos sosterán as denuncias e as propostas da carta que elaborarás na tarefa final e que constitúe o reto desta situación de aprendizaxe.

Tarefa 8. Destruír todos os hospitais durante unha guerra

Supoñamos que comeza un conflito bélico en Santiago de Compostela, onde hai aproximadamente 10 000 edificios dos cales 10 están dedicados á organización militar, 15 son de tipo sanitario, 70 son da Universidade, e 35 son do ámbito educativo non universitario. Un sistema de lanzamento de mísiles ten unha precisión limitada, e cada mísil ten unha probabilidade do 0,02% de desviarse do obxectivo e impactar nun edificio aleatorio da zona.

TAREFA Nesta tarefa deberás responder a varias preguntas coa fin de descubrir como é posíbel que en Gaza fosen arrasados todos os hospitais. A información obtida servirá de **ARGUMENTO** para denunciar o xenocidio e reclamar a **paz** en Gaza na carta da tarefa final.

Actividades

- Calcula a probabilidade de que un único mísil que se desvíe impacte nun hospital.
- Se se lanzan 10 mísiles e cada un ten unha probabilidade do 0,02% de desviarse, cal é a probabilidade de que polo menos un deles impacte nun hospital?
- Calcula a probabilidade de que todos os hospitais fosen impactados supoñendo 30 mísiles diarios durante dous anos.
- A partir das respostas dadas ás preguntas anteriores, elabora un argumento para soste a túa opinión sobre como é posíbel que en Gaza si que fosen arrasados todos os hospitais.



FIGURA 15. Plano da cidade de Santiago de Compostela.

Tarefa 9. Supervivencia dunha comunidade durante unha guerra

A programación linear é unha rama da matemática aplicada que busca optimizar funcións lineares suxeitas a restricións tamén lineares. É unha ferramenta fundamental en moitos ámbitos e xurdiu nun contexto histórico de necesidade extrema de eficiencia e planificación.

O seu precursor fundamental foi Leonid Kantorovich, matemático soviético quen, en 1939, desenvolveu os fundamentos da programación linear mentres traballaba na optimización da produción industrial. Nos seus traballos propuxo por primeira vez o uso de métodos matemáticos para maximizar a eficiencia produtiva, especialmente en contextos con recursos limitados.

Durante a Segunda Guerra Mundial, a programación linear converteuse nunha

ferramenta estratéxica. Os gobernos e exércitos precisaban organizar recursos, transporte, fabricación de armamento e distribución de alimentos de forma óptima. A capacidade de modelar estes problemas como sistemas lineares permitiu tomar decisións rápidas e eficaces, reducindo custos e mellorando a loxística en situacións críticas.

As ideas de Kantorovich influíron posteriormente no desenvolvemento da programación linear en Occidente, especialmente a través dos traballos de George Dantzig, creador do método simplex nos anos 40, que permitiu resolver problemas de gran escala de forma computacional.

Dun xeito abstracto o problema pode ser formulado como:

$$\text{opt } f(x) = c_1x_1 + c_2x_2 + \cdots + c_nx_n = \sum_{j=1}^n c_jx_j,$$

suxeito ás seguintes restricións de igualdade/desigualdade:

$$\begin{aligned} \sum_{j=1}^n a_{ij}x_j &= b_i, & i &= 1, \dots, p-1, \\ \sum_{j=1}^n a_{ij}x_j &\geq b_i, & i &= p, \dots, q-1, \\ \sum_{j=1}^n a_{ij}x_j &\leq b_i, & i &= q, \dots, m, \end{aligned}$$

onde p, q, m son números enteiros positivos tales que $1 \leq p \leq q \leq m$.




FIGURA 16. Exemplo de resolución gráfica dun problema de programación lineal.

TAREFA

Nun territorio asediado por un conflito bélico, a poboación de 2 millóns de persoas vive sen acceso regular a comida nin medicamentos¹. A única vía de subministración é o estraperlo, que permite introducir clandestinamente: 100 unidades de comida por semana e 50 unidades de medicamentos por semana.

Estes recursos deben ser distribuídos en forma de paquetes de axuda, dos cales existen dous tipos:

- Paquete de supervivencia médica: precisa 1 unidade de comida e 1 unidade de medicamento.
- Paquete de alimentación: precisa 2 unidades de comida e 0,5 unidades de medicamento.

Cada paquete atende a unha persoa durante unha semana.

Deberás dar resposta aos seguintes problemas coa fin de concluír se os recursos de estraperlo eran suficientes para garantir a supervivencia da poboación en Gaza. A información obtida servirá de **ARGUMENTO** para denunciar o xenocidio e reclamar a paz en Gaza na **carta** da tarefa final.

¹A poboación de Gaza é aproximadamente de dous millóns de persoas, que tamén podemos pensar como unha aproximación de 2/3 da poboación galega.

Actividades

- Formula un problema de programación linear que permita maximizar o número de persoas atendidas por semana.
- Resolve o problema para determinar cantos paquetes de cada tipo se poden distribuír semanalmente.
- Calcula o número total de persoas atendidas ao longo de 3 anos (156 semanas).
- Compara ese número coa poboación total e determina se é viable a supervivencia da comunidade.
- A partir das respostas anteriores, conclúe se os recursos que chegan por estraperlo son suficientes ou non para garantir a supervivencia da poboación durante ese período.

Tarefa 10. Química ou paz?



FIGURA 17. Aviso de explosivos.


Durante conflitos armados, o lanzamento de bombas ou mísiles desde avións implica unha serie de reaccións químicas violentas, tanto no momento da propulsión como na explosión. Estes procesos liberan gases tóxicos, partículas metálicas e compostos altamente contaminantes, que poden ter efectos devastadores non só sobre a poboación directamente afectada, senón tamén sobre o medio ambiente das rexións próximas, especialmente se o uso é continuado.

TAREFA

Nesta tarefa deberás resolver unha serie de problemas, dos que obterás argumentos para preparar e participar nun **DEBATE**. Eses argumentos servirán á súa vez para soste a túa reclamación de paz na carta da tarefa final.


Actividades

Reaccións químicas implicadas Supoñamos que para a propulsión dun mísil se emprega TNT (trinitrotolueno) como explosivo. A súa combustión pode representarse simplifadamente como:



- Identifica e escribe as semireaccións de oxidación e redución.
- Balancea a ecuación mediante o método redox.
- Identifica os produtos contaminantes.

Explosión da bomba: Supoñamos que se emprega TNT (trinitrotolueno) como explosivo. A súa combustión pode representarse simplifadamente como:



- Balancea a ecuación.
- Identifica os produtos tóxicos e explica por que o monóxido de carbono (CO) é perigoso.

Impacto ambiental e humano: Os residuos de aluminio, óxidos metálicos e percloratos poden contaminar o solo e as augas, afectando cultivos e fauna, producindo o que se denomina contaminación persistente.

- Explica como os percloratos poden afectar a saúde humana se se acumulan na auga potable.

Se se lanzan bombas de forma regular nunha zona próxima, os contaminantes poden acumularse no aire e no chan, provocando enfermidades respiratorias, problemas neurolóxicos e alteracións hormonais.

- Investiga e resume brevemente os efectos do aluminio e do TNT sobre o sistema nervioso humano.

Reflexión crítica: Temos dous camiños para minimizar os efectos destrutivos destes procesos: a química ou a paz. Debatede na aula que opción é a preferente entre a vosa clase.

No teu pequeno grupo, prepara un **DEBATE** arredor da necesidade de escoller a paz antes que o labor de especialistas en química para minimizar os efectos dos gases provocados polas bombas.

Indicacións para o DEBATE: O debate é un diálogo formal, de carácter argumentativo. Nel dúas ou máis persoas expoñen a súa opinión arredor dun tema. Para a súa realización é necesaria unha persoa moderadora e pode, ou non, haber unha persoa que sexa voceira, elixida polo seu grupo.

Funcións da persoa moderadora:

- Presenta o tema a debate.
- Sinala as quendas de intervención.
- Procura que o debate sexa respectuoso.

Funcións da persoa voceira:

- Expón inicialmente a tese que defende o seu grupo.
- Resume a postura final, que pode coincidir coa inicial ou ter sufrido variacións, se os argumentos contrarios conseguiron modificar a tese inicialmente defendida.

Funcións das persoas debatentes:

- Argumenta a favor ou en contra do tema sobre o que se vai debater.
- Respecta as quendas de intervención.
- Refuta as argumentacións da voceira do grupo contrario.
- Utiliza expresións como: Na miña opinión..., Dende o meu punto de vista... / Estou parcialmente de acordo contigo, pero... / Lamento non coincidir coa túa opinión...

PASOS

1. Recollede a información das actividades resoltas.
2. Anotade as fontes de información en relación á investigación sobre os efectos do aluminio e do TNT sobre o sistema nervioso humano. Durante o debate citade esas fontes para argumentar as vosas opinións.
3. Intervide respectando as quendas e o papel de cada quen.
4. Usade unha rexistro de lingua adecuado, con corrección, respectando as propiedades textuais e con precisión léxica.

Tarefa 11. Nuclear? Non grazas!



FIGURA 18. Imaxe obtida de tattooformweek.com

Nun escenario de guerra localizada, un país decide empregar armamento nuclear táctica, detonando unha bomba de fisión nunha zona fronteiriza. A explosión provoca unha destrución inmediata, pero tamén xera radiación ionizante, contaminación radioactiva persistente e efectos climáticos e sociais que se estenden máis alá da zona de impacto.

TAREFA

Nesta tarefa deberás resolver unha serie de problemas, dos que obterás información para elaborar un breve **INFORME**, abordando o papel da física na prevención do uso de armamento nuclear e como a comunidade científica pode contribuír á paz e á seguridade global. Esta información servirá para soste a túa reclamación de paz na carta da tarefa final.

Actividades

Física da explosión nuclear. Na reacción de fisión do Uranio-235 prodúcese Torio-231 e unha partícula subatómica.

Datos: O número atómico do Uranio é 92, e o do Torio é 90. Unha bomba de uranio-235 libera 15 quilotóns de enerxía ($1 \text{ quilotón} = 4.18 \times 10^{12} \text{ J}$), e cada reacción individual de fisión libera $2 \times 10^{-11} \text{ J}$. Velocidade da luz: $c = 300\,000 \text{ km/s}$

- Escribe a reacción nuclear e determina a masa e a carga da partícula liberada. De que partícula se trata?
- Calcula a enerxía total liberada en joules. Aplica a relación entre masa e enerxía establecida por Einstein para calcular a variación de masa que se produce na explosión desa bomba nuclear. A masa aumenta ou diminúe? Por que?
- Estima a masa de Uranio-235 que se fisiona. Compara este resultado co da resposta anterior.
- Explica que tipo de radiación se produce e como se propaga.

Impacto ambiental e global. A explosión produce unha nube radioactiva que se dispersa pola atmosfera.

- Investiga que isótopos radioactivos se liberan nas reaccións en cadea resultantes (por exemplo, Cesio-137, Estroncio-90) e describe os seus efectos sobre a saúde humana.
- Explica como a radiación pode afectar os cultivos, as cadeas alimentarias e os ecosistemas a centos de quilómetros de distancia. Se se producen varias explosións nucleares nunha rexión, pode xerarse un “inverno nuclear”.
- Resume brevemente que é o inverno nuclear e como afecta ao clima global.

Reflexión crítica. Unha vez resoltos os problemas, recolle a información e elabora con ela un breve INFORME no que deas resposta a estes dúas cuestións:

- Que papel debe xogar a física na prevención do uso de armamento nuclear?
- Como pode a comunidade científica contribuír á paz e á seguridade global?

Indicacións para o INFORME (texto expositivo):

Un texto expositivo dá a coñecer información con obxectividade, non achega opinións, e faino cunha linguaxe clara e precisa. Dentro deste tipo de textos pódese atopar gran variedade de exemplos; polo tanto, o que se indica aquí é unha estrutura básica sobre a cal construír calquera texto deste tipo.

Estrutura (partes dun texto expositivo)

- **Introdución:** Presentación ou achegamento ao tema e ao seu contexto. Serve para explicar o tema que se vai abordar. A súa extensión límitase a un parágrafo breve. (Non debe supor máis do 10 % do texto expositivo)
- **Desenvolvemento:** Explicación a través da cal se achega información arredor de distintos aspectos do tema. Atópase dividido en parágrafos. Pódese facer de varias formas dependendo do tipo de tema que esteamos a tratar: (Debe supor o 80 % do texto expositivo)
 - Presentando as causas polas que algo ocorre e as consecuencias.
 - Describindo as características que posúe o obxecto ou a idea que estamos tratando.
 - Enumerando as funcións e os obxectivos dun grupo e/ou dunha disciplina.
- **Conclusión:** Síntese básica das ideas expostas. A súa extensión límitase a un parágrafo. (Non debe supor máis do 10 % do texto expositivo)

Expresión (precisión, obxectividade e claridade)

- **Obxectividade.** Débense empregar sobre todo oracións enunciativas con verbos en 3ª persoa e/ou estruturas impersonais, plurais de modestia... (pénsase que, considérase...)
- **Claridade.** A información debe transmitirse empregando conectores que expliquen as relacións entre as distintas ideas: orde (en primeiro lugar), exemplificación (tal como), contraste (porén), causa (porque)...
- **Léxico preciso.** Débense empregar termos específicos e/ou tecnicismos, non termos comodín (“cousa”, “facer”, “dicir”, etc.) que carecen de significado preciso. Débense achegar datos concretos (porcentaxes, datas, nomes, etc.)

Título. Engadirase un título, que consistirá nun enunciado coa seguinte estrutura: NÚCLEO (substantivo), MODIFICADOR (preferentemente adxectivo) e sen PREDICADO (verbo).

Tarefa 12. Economía de guerra

Nun conflito armado, unha parte do territorio queda completamente illada, sen acceso a recursos básicos como alimentación, medicamentos, electricidade ou servizos públicos.

A poboación, especialmente a infancia, enfróntase a condicións de vida extremas. A economía local colapsa, e os modelos de negocio tradicionais desaparecen ou se transforman en formas de subsistencia informal. Este escenario permite analizar como o sistema económico capitalista e os intereses de determinados grupos perpetúan a desigualdade, mesmo en situacións de guerra.



FIGURA 19. [Imaxe de monempresarial.com](http://monempresarial.com)

TAREFA

O obxectivo desta tarefa é comprender como un conflito bélico afecta á estrutura económica dun territorio, para iso será preciso analizar a relación entre a propiedade dos medios de produción, o control dos recursos e a supervivencia da poboación; coa fin de reflexionar sobre como a infancia sofre especialmente as consecuencias da desigualdade e da destrución das condicións materiais de vida. Todo isto deberá evidenciarlo na reflexión crítica final a través da elaboración dun **ARTIGO de OPINIÓN** que xire arredor dos pros e dos contras dunha economía planificada como medio para non depender da guerra, da explotación nin das desigualdades. Os resultados desta tarefa achegaralos ás **propostas** da túa **Carta para a Paz** na tarefa final.

Actividades

Diagnóstico económico

- Explica como a guerra pode ser unha ferramenta de acumulación de capital para certos grupos, mentres destrúe as condicións de vida da clase traballadora. Podes consultar esta fonte: [O vínculo inseparábel do capitalismo coa guerra](#).
- Analiza como a falta de acceso a recursos básicos revela a dependencia estrutural das clases populares respecto dos medios de produción e distribución controlados por elites. Podes consultar esta fonte: [Capitalismo y guerra](#).

- Estuda como a infancia, como parte máis vulnerable da clase traballadora, sofre especialmente a desnutrición, a falta de atención médica e a interrupción da educación. Podes consultar esta fonte: [Que consecuencias teñen as guerras nas nenas e nenos?](#)

Modelos de negocio e subsistencia

- Investiga como xorden economías informais ou de subsistencia en contextos de guerra. Que papel xogan as redes comunitarias fronte á destrución do mercado formal?
- Tenta propoñer un modelo de negocio alternativo baseado na cooperación, na autoxestión e na solidariedade, que poida funcionar nun contexto de illamento e escaseza.

Reflexión crítica para a reconstrución

Elabora un **ARTIGO de OPINIÓN** no que deas resposta a estas cuestións:

- Que papel pode xogar unha economía planificada e centrada nas necesidades humanas na reconstrución dun territorio devastado?
- Como se pode transformar a economía para que non dependa da guerra, da explotación e da desigualdade?
- Que propostas suxires para construír unha economía centrada na vida e non no beneficio?

INDICACIÓNS:

- Recolle a información das actividades anteriores.
- Investiga sobre o tema a través desta fonte: [Que é a economía planificada?](#)
- Organiza os argumentos. Sírverte dun borrador ou esquema que recolla o teu posicionamento, os argumentos que o sosteñen e posibles contraargumentos.
- Elabora o texto argumentativo:
 - Escribe unha introdución que explique o asunto e expoña a tese que vas defender.
 - Escribe a argumentación expoñendo os argumentos con claridade (un argumento por parágrafo). Sírverte de argumentos propios, non só reproducidos doutras fontes, e desenvólveos, que non se limiten a meros enunciados. Prescinde de falacias, xeneralizacións e simplificacións, Non afirmes nada que non poidas probar.
 - Redacta un parágrafo de conclusión para reafirmar a tese exposta inicialmente.
- Crea un texto respectuoso coas propiedades textuais, con corrección lingüística e precisión léxica. Utiliza o léxico con que traballaches ao longo da tarefa e nas tarefas anteriores.

Pode servirte de modelo este artigo: [As consecuencias económicas da guerra](#)

Tarefa 13. De cando as mulleres reviraron



FIGURA 20. Lisístrata (varre vasoria) das Fillas de Cassandra.

A comedia “Lisístrata” de Aristófanes (Ἀριστοφάνης) é un dos alegatos antibelicistas máis famosos e antigos da historia. Escrita no -411, durante a Guerra do Peloponeso entre Atenas e Esparta, a peza propón un método absurdamente simple e xenial para acabar coa guerra: un folga sexual por parte das mulleres de toda Grecia.

Velaquí os fragmentos clave coa mensaxe máis directa, presentados no grego orixinal (en transliteración para facilitar a lectura) e cunha tradución ao galego.

Fragmento 1: O Plan de Lisístrata

Neste discurso, Lisístrata expón o seu plan ás outras mulleres.

* Grego (VV. 39–41)

«ἦν δὲ ξυνέλθωσ' αἱ γυναῖκες ἐνθάδε/ αἱ τ' ἐκ Βοιωτῶν αἱ τε Πελοποννησίων/ ἡμεῖς τε, κοινῇ σώσομεν τὴν Ἑλλάδα.»

* Tradución ao galego: Pero se se reúnen aquí as mulleres, as dos beocios, as dos peloponesos e nós, salvaríamos a nación enteira de estarmos hoxe aquí todas as mulleres.

Fragmento 2: A Xustificación da Folga Sexual

* Grego (VV 42–45)

«τί δ' ἂν γυναῖκες φρόνιμον ἐργασαίαιτο/ ἢ λαμπρόν,/ αἶ καθήμεθ' ἐξηνθισμένοι,/ κρο-
κωτοφοροῦσαι καὶ κεκαλλωπισμένοι/ καὶ Κιμμερὶκ' ὀρθοστάδια καὶ περιβαρίδας ;»

* Tradución ao galego: E que cisma se che metería a ti no caletre para pensar que nós teríamos fogaxe para tal cousa? Pero se o noso principal empeño está en coidar da grila, mirar de que as domingos non nos teñan mal sábado, evitarlle zangas ao traseiro e cultivar o sofá!

* Grego (VV 150–154)

«εἰ γὰρ καθοίμεθ' ἔνδον ἐντετριμμένοι,/ κὰν τοῖς χιτωνίοισι τοῖς Ἀμοργίνοις / γυμναὶ
παρίοιμεν δέλτα παρατετιλμένοι,/ στύοιντο δ' ἄνδρες κἀπιθυμοῖεν σπλεκοῦν,/ ἡμεῖς δὲ μὴ
προσίοιμεν ἀλλ' ἀπεχοίμεθα,/ σπονδὰς ποιήσαιντ' ἂν ταχέως, εὖ οἶδ' ὅτι.»

* Tradución ao galego: Pasear pola casa mandurrianas e lascivas, lavadiñas e perfumadiñas, insinuando que a nosa hortíña anda a querer unha rega. . . e ,cando de resultas da allada se lles encabrite a estaca e nos queiran pillar por banda. . . daquela, nós, por máis que nos pique o sangue, nada, nin flores! Dicímoslles que non, que arre do demo, que non embazamos co alento, que temos o choco, que non andamos con ganas de lerias nin estamos para séculas. . . Xa veredes como negocian a paz a todo meter.

«ὁ γῶν Μενέλαος τᾶς Ἑλένας τὰ μᾶλά πα/ γυμναῖς παραῖδὼν ἐξέβαλ', οἷῳ, τὸ ξίφος.»

* Tradución ao galego: Iso foi, talmente, o que seica lle pasou a Menelao cando viu de esguello a Helena e reparou nos seus seos e. . . nin tirios nin troianos. . . a el ardeulle, ao parecer, unha cousa rara no adentro que case o deixa no sitio. Iso, polo menos, é o que contan os libros.

Fragmento 3: A Dor das Mulleres na Guerra

* Grego (VV. 1125–1130)

«ἐγὼ γυνὴ μέν εἰμι, νοῦς δ' ἔνεστί μοι,/ αὐτὴ δ' ἑμαυτῆς οὐ κακῶς γνώμης ἔχω/, τοὺς δ'
ἐκ πατρός τε καὶ γεραιτέρων λόγους/ πολλοὺς ἀκούσας' οὐ μεμύσσωμαι κακῶς.»

* Tradución ao galego: Son muller, pero teño bo xuízo. Por min mesma non discurro mal e do meu pai e dos meus antepasados oín moitas palabras; non estou mal instruída.



FIGURA 21. Publicidade da versión de “Lisístrata” do Centro Dramático Galego.

TAREFA

Nesta tarefa deberás ler e comprender os fragmentos de **Lisístrata** que se achegan, coa fin de que elabores unha opinión argumentada (**COMENTARIO CRÍTICO**) arredor do carácter antibelicista da obra, expoñendo a opinión que che merece o asunto e, especialmente, a sátira sexual. Na **Carta para a Paz** da tarefa final serviraste das citas seleccionadas nesta tarefa.

Actividades

- Despois de ler todos os fragmentos, responde a estas preguntas:
 - Quen son as vítimas primarias da guerra?
 - Como se destrúe a comunidade e a familia?
 - Como é considerada a paz?
- Agora, elabora un esquema coas ideas principais e, posteriormente, resume a mensaxe de Lisístrata.
- Cal cres que é a Intención de Aristófanes ao usar a comedia e a sátira sexual?
 - Facer rir
 - Facer unha crítica profunda da estupidez da guerra
 - Facer unha defensa das mulleres como únicas figuras sensatas capaces de impor a razón
- Unha vez comprendidos os fragmentos, tras a realización das actividades previas, elabora un **COMENTARIO CRÍTICO**, expoñendo de xeito argumentado a túa opinión sobre o carácter antibelicista desta obra e as consideracións que os fragmentos lidos che merecen. Acompaña os teus argumentos de citas extraídas deses fragmentos.

INDICACIÓNS:

O comentario crítico é n tipo de texto divulgativo, para tratar temas de interese xeral ou de actualidade. A súa finalidade é valorar o grao de madureza intelectual e cultural, así como a capacidade de expor as propias ideas, a través do dominio da capacidade de razoamento e de expresión escrita.

PASOS:

- Comprensión do texto. O punto de partida é unha lectura demorada e atenta dos fragmentos do texto. Nela destacaranse aquelas palabras clave ou expresións que ofrezan dificultades puntuais de comprensión. A atención ó contexto e a consulta do dicionario permitirán resolver este tipo de dificultade. Mais por riba destas cuestións particulares interesa a comprensión do contido xeral do texto e da súa estrutura organizativa. A captación do contido debe permitir:
 - O recoñecemento do tema do texto, ao que se chegará polo establecemento do mesmo por discriminación de ideas principais e secundarias (fase de análise);
 - A elaboración dun breve resumo do mesmo (fase de síntese), resultante de deixar fóra da explicación todo aquilo que sexa accesorio, complementario e mesmo redundante no texto.
- Creación dun texto cunha estrutura adecuada. Debe axudar a facer unha valoración máis exacta do mesmo. Pode valer como ilustración a clásica distinción:
 - Contexto (obra, autoría, época...),
 - Desenvolvemento
- Contido do texto (explicación do asunto que trata o texto)
- Opinión arredor do texto ou do asunto proposto a partir do texto (argumentación)
 - Conclusión (aspectos que se apreciaron especialmente)
- Claridade na exposición, corrección gramatical e respecto polas propiedades textuais.

Tarefa 14. Debúxame a paz!



FIGURA 22. Madona coa bandeira da paz (obtida da páxina museoparqueroerich.com)

En tempos de guerra necesitamos da arte para salvarnos. A historia da humanidade demostra que a cultura é a táboa de salvación ante o naufraxio. Cando prolifera o sufrimento e semella que non hai futuro, a arte emerxe e ofrece resistencia, a creatividade rebélase ante o horror da guerra e fainos crer que hai esperanza.

Se ben é certo que a arte serve de espello da sociedade, na guerra vai máis alá do rexistro dunha realidade e convértese nunha arma de protesta.

En 1929 inaugurouse o Museo de Roerich en New York. Nicolás Roerich foi un ruso universal (arqueólogo, viaxeiro, escritor, filósofo, pintor, escenógrafo e, por encima de todo, un místico pacifista que ao regreso dunha longa viaxe por Asia e unha máis longa estancia na India, propuxo un tratado para a protección dos tesouros culturais tanto en tempos de guerra como de paz. Redactou o que hoxe se coñece como [Pacto Roerich](#), un tratado sobre la Protección de Institucións Artísticas e Científicas e Monumentos Históricos; asinado en 1935 polos EEUU e 20 nacións, supón o recoñecemento legal de que a defensa dos bens culturais é máis importante que a defensa militar e que a protección da cultura sempre ten prioridade sobre calquera necesidade militar.

Para simbolizar os lugares baixo a protección deste tratado, xurdiu unha bandeira, o [Estandarte da Paz](#), cuxo deseño mostra tres esferas rodeadas por un círculo, en vermello púrpura sobre un fondo branco. é un símbolo de unidade no que os tres

círculos representan a unión harmónica da Arte, da Ciencia e da Espiritualidade; ou o que é o mesmo, o equilibrio entre o que un sente, pensa e fai. A bandeira sempre aparece en mans dunha figura feminina, á que acompaña o lema “Pax Cultura”, que resume a visión de Roerich sobre a humanidade: «Na beleza estamos unidos».

TAREFA

Nesta tarefa deberás debuxar un **símbolo de paz**, que engadirás, como **LOGO**, na túa **Carta de Paz**, na tarefa final.

Actividades

Deseña un símbolo técnico que represente a paz e a cooperación entre pobos. O símbolo debe construírse a partir de elementos xeométricos básicos (circunferencias, polígonos regulares, eixos de simetría etc.) e debe poder reproducirse con instrumentos de debuxo técnico.

Condicións. O símbolo debe incluír polo menos:

- Un hexágono regular inscrito nunha circunferencia.
- Un eixo de simetría vertical.
- Unha estrela de cinco puntas construída a partir dun pentágono regular.

Debes indicar:

- A escala utilizada.
- As cotas principais.
- A construción paso a paso (pode ser textual ou gráfica).

Texto que acompaña o deseño: O **DESEÑO** debe poder ser interpretado como un emblema universal pola paz, adaptable a contextos como campañas humanitarias, educación ou accións diplomáticas. Deberás crear un breve texto informativo (máx. 100 palabras), recollido nunha **TARXETA**, que acompañe a imaxe, na que expoñas como o deseño transmite unha mensaxe de paz e que elementos visuais contribúen a esa interpretación.

Tarefa final

Tendo en conta o que defendestes no FALADOIRO da tarefa inicial e unha vez realizadas todas as tarefas multidisciplinares posibilitadoras da tarefa final, chegou o momento de recoller o resultado do traballo feito e crear a **CARTA PARA A PAZ**, que entregaredes presencialmente na oficina de correos do voso concello, nun acto público ao que se convidará a prensa, dando cumprimento así ao RETO que se vos presentou nesta situación de aprendizaxe: **Guerra ou paz?**

INDICACIÓNS para elaborar a CARTA:

Unha carta formal é unha forma de comunicación escrita entre dúas persoas, que segue un formato de redacción específico. Toda carta formal debe posuír os seguintes apartados:

- **ENCABEZAMENTO.** Parte da carta na que a persoa remitente e a persoa destinataria se presentan. Ademais, é onde se anotan o lugar e a data de envío da carta:
 - Membrete: información da persoa que envía a carta (nome, ocupación e centro de ocupación, enderezo e método de contacto)
 - Data: indica a data na que se envía a carta.
 - Destinatario: identifica a persoa á que se lle envía a carta (nome, ocupación e centro de ocupación, enderezo e método de contacto)
 - Referencia: destaca a razón da carta, pode funcionar como un título.
 - Encabezado: saúdo formal á persoa á que se lle remita a carta, con tratamento de respecto ou outros adecuados ("Sr". ou "Sra.") (ver tratamentos oficiais)
- **INTRODUCCIÓN.** A introdución é o comezo da carta. Debe explicar o propósito, **a razón da misiva**, de maneira clara e concisa, proporcionando o contexto necesario para que a destinataria entenda de inmediato de que trata. Debes incluír motivos, feitos e datos relevantes que xustifiquen a comunicación.
- **DESENVOLVEMENTO.** Esta é a sección central, na que se profunda na información presentada na. Expóñense os detalles, os datos, os argumentos que sustentan o propósito da carta, é dicir, trátase da exposición de motivos, que proporciona á destinataria un entendemento máis completo da situación e solicitude. Ofreceranse explicacións, adiantarase a resposta a posibles preguntas e achegarase calquera xustificación que axude a soste-lo motivo da carta. Organizarase en parágrafos, un para cada un dos motivos que se acheguen.
- **PECHE.** Esta é a sección na que se enumeran os obxectivos que se perseguen, as propostas de futuro, e especificáanse as medidas e os pasos que a persoa remitente espera que a destinataria tome para logralos. Pódese reiterar a dispoñibilidade para calquera aclaración ou acción adicional, mostrando disposición a continuar o diálogo se fose necesario.
- **DESPEDIDA e SINATURA.** A despedida formal serve para mostrar respecto e agradecemento por parte da persoa remitente para coa destinataria. Redáctase de xeito cortés e formal, colocándose antes da sinatura. A persoa remitente debe asinar co seu nome completo.

OBSERVACIÓNS:

- Utilizarase unha linguaxe directa e cortés, sen que caiban interpretacións ambiguas. A expresión deberá ser lingüisticamente correcta, lexicamente precisa e respectuosa coas propiedades textuais.
- Antes de enviar a carta, lerase varias veces para asegurarse da corrección expresiva e da corrección dos datos.



FIGURA 23. [Give peace a chance, Plastic Ono Band \(1969\)](#)